



PROBA DE ACCESO

PROBA ORDINARIA

ESPECIALIDADE: COMPOSICIÓN

A) Interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso de canto), durante aproximadamente quince minutos, das obras que determine o Tribunal dunha relación presentada previamente polo candidato.

A relación de obras deberá incluír polo menos catro obras completas de dificultade media , pertencentes ós estilos máis representativos da literatura do instrumento , libremente elixidos polo candidato . No caso de canto , a relación constará dun mínimo de oito obras .

Non se aceptarán fotocopias das partituras .

As obras que así o requiran serán executadas có instrumento acompañante correspondente , sendo responsabilidade do aspirante a presentación deste instrumentista .

O Tribunal valorará a adecuación das obras elixidas e o nivel esixible para o acceso ó grao superior .

B) Presentación e defensa oral, diante do tribunal e por un tempo de 30 minutos, de obras e traballos realizados polo candidato.

C) Realización dun traballo harmónico-contrapuntístico, en clausura individual , con piano , e por un tempo non superior a 5 horas .

D) Lectura a primeira vista ó piano, con un tempo de preparación diante do Tribunal , de 5 minutos só de lectura , sen execución instrumental

AS DIFERENTES PARTES DA PROBA DE ACCESO ORDINARIA ESTARÁN PONDERADAS DA SEGUINTE MANEIRA:

ESPECIALIDADES	PARTE A	PARTE B	PARTE C	PARTE D
COMPOSICIÓN	10%	15%	60%	15%

Acordo da Comisión Pedagóxica do día 5 de abril de 2006



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivé, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

PROBA DE ACCESO

PROBA ORDINARIA

ESPECIALIDADE: COMPOSICIÓN

CONCEPTOS (Parte C da proba)

- Contrapunto e harmonía
- Harmonía e simultaneidade
- O acorde
- Tonalidade e funcións tonais
- Realización harmónica: enlaces de acordes
- Estado fundamental: duplicacións
- Acordes sobre os graos I, II, IV, V, VI
- Cadencias
- Acordes sobre os graos III e VII
- 1ª inversión do acorde tríada. Duplicacións
- Emprego do dobre e triple cifrado como introducción ás notas estrañas consoantes
- 2ª inversión. Duplicacións
- Escalas auxiliares
- Progresións unitónicas
- Acordes de sétima ou cuatríadas
- Estudo do acorde de sétima de dominante
- Modulación diatónica. Modulación cromática
- Sétimas sobre os graos II, IV e VI
- Acorde de sétima diminuída e sétima de sensíbel
- Acordes de sétima nas escalas auxiliares
- Acorde de sétima de I e III graos
- Progresións unitónicas e modulantes con acordes de sétima
- Acorde de novena de dominante
- Acordes de sobre-tónica
- Coñecemento da harmonía alterada e da modulación por enharmonía
- Contrapunto simple:
 - cantus firmus
 - Normas xerais harmónicas e melódica do contrapunto severo
 - Contrapunto a dúas, tres e catro partes: 1ª, 2ª, 3ª 4ª e 5ª espécies
 - Contrapunto a tres e catro partes: Mixtura de espécies
 - Estudo e práctica dos elementos e procedementos compositivos que interveñen no sistema tonal: notas de paso, floreos, demoras, apoiaturas, elisións, escapadas, anticipacións



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivie, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

PROBA DE ACCESO

PROBA ORDINARIA

ESPECIALIDADE: COMPOSICIÓN

Inicio do estudo da imitación
Estudo do canon á oitava a dúas e tres voces
Estudo do coral figurado
Contrapunto composto: A invención a dúas voces
Estudo da nota pedal

PROCEDEMENTOS (Parte C da proba)

- Realización de C.D. cifrados e sen cifrar
- Realización de traballos mixtos B.D. e C.D.
- Exercicios modulantes con acordes tríadas e cuatríadas
- Realización de baixos e C.D., cifrados e sen cifrar, unitónicos e modulantes
- Realización de exercicios a dúas, tres e catro voces sobre cantus firmus imposto como voz superior, media ou inferior podendo transportarse ás diferentes tonalidades
- Realizar canons por movemento directo, a dúas e tres voces, á oitava, demostrando a capacidade do alumno para crear liñas melódicas interesantes que sexan equilibradas harmónica e contrapuntisticamente
- Práctica do coral figurado a capella segundo o estilo de J.S. Bach
- Continuación da práctica do coral figurado segundo o estilo de J.S. Bach
- Práctica do contrapunto composto: A invención a dúas voces
- Práctica auditiva e instrumental dos elementos e procedementos aprendidos que conduza á súa interiorización
- Análise de obras ou fragmentos referidas aos contidos
- Realización de exercicios libres de carácter imitativo

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (Parte C da proba)

- Demostrar o dominio no referente á mecánica do encadeamento dos diferentes acordes tríadas, cuatríadas e quintíadas (sentido morfolóxico) e a súa aplicación dentro do período musical (sentido sintáctico)
- Demostrar o dominio na práctica do contrapunto simple a dúas, tres e catro voces, no referente a crear liñas melódicas interesantes e equilibradas, así como a destreza na superposición das mesmas
- Demostrar o dominio no plantexamento tonal do exercicio proposto, así como a capacidade para resolver os problemas técnicos proposto



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivie, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

PROBA DE ACCESO

PROBA ORDINARIA

ESPECIALIDADE: COMPOSICIÓN

Metodoloxía

- Tratado de Harmonía de Joaquín Zamacois Vol. III Ed. Spans Press Universitaria 98
- Libro de exercicio correspondente ao tratado
- Harmonía de Walter Piston Ed. Spans Press Universitaria 98
- Tratado de contrapunto tonal e atonal de J. García Gago Ed. Clivis